

## **BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2024 DE VIANA DO BOLO**

Con motivo da celebración do Entroido 2024, o Concello de Viana do Bolo convoca un **CONCURSO DE DISFRACES PARA ADULTOS** conforme as seguintes

### **BASES**

- 1.- Poderán participar todas as persoas que así o desexen maiores de 15 anos.
- 2.- O tema dos disfraces será libre.
- 3.- O xurado valorará a orixinalidade, o bo gusto, traballo e coreografía que aporten os concursantes na súa presentación.
- 4.- As modalidades serán por individual/parella ou en grupo (con máis de tres participantes).
- 5.- Establécense as seguintes modalidades de premios:

#### **A) Individual ou parella**

- 1º premio: 200 €
- 2º premio: 150 €
- 3º premio: 100 €

#### **B) Grupo**

- 1º premio: 300 €
- 2º premio: 250 €
- 3º premio: 200 €

**Para a retirada dos premios deberá achegarse ineludiblemente a fotocopia do DNI do gañador/a/es/as e certificado da conta bancaria.** Todos os premios levan incluídos os impostos pertinentes conforme a lexislación vixente.

6.A inscrición realizarase nas oficinas do concello sito na Rúa Constitución nº 14 de Viana do Bolo en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas e ata o día 13 de febreiro de 2024 ou ante a organización do evento ata o momento antes ao desfile.

7.O concurso oficial celebrarase o martes día 13 de febreiro ata as 11:59 horas, resolvéndose o mércores día 14 de febreiro de 2024 ás 00:30 horas na Praza Maior.

8.O xurado estará composto de un representante da Administración Local, un representante dunha asociación cultural do Concello e un representante persoal do Concello.

9.O Xurado poderá deixar deserto aqueles premios que non alcancen un nivel de calidade suficiente e o seu fallo será inapelable.

10.A presentación ao concurso de disfraces supón a aceptación das súas bases.

